

CAMPO DE MARTE

CAOQUIS

UNA CITA:

de todos los edificios que comprende la casa de Misericordia

"Abrid escuelas y se cerrarán cárceles"

Concepción Arenal



Nota: En el presente cuadro se contabilizan los edificios que comprenden el hospital de misericordia y sus dependencias y las casas de reposo destinadas a los enfermos de la provincia de A Coruña. Se han añadido a este cuadro los edificios que pertenecen a la casa de Misericordia.

Algunos de estos edificios pertenecen al hospital provincial y otros dependen de la casa de Misericordia.

Algunos de estos edificios pertenecen al hospital provincial y otros dependen de la casa de Misericordia.

Fundado en el año 1888

El Hospital para
Gentiles Pobres

Datos
relativos á los edificios que comprende
la casa de Misericordia

LA CASA PROVINCIAL DE MISERICORDIA

Destino actual de los edificios

Número de orden referido al cuadro	Mercantil de acuerdo al cuadro	Piso bajo	Piso primero	Piso segundo
1	558,81	Oficinas del Hospital y del Hospitalito muelles a derecha e izquierda del portal de entrada respectiva- mente a izquierda	Habitaciones del ca- pellán del Hospital del capellán y curajón del Hospital y demás materias de servicio	Salas del Hospi- tal
2	718,51	Ecuadra del Hospital y clínica del Hospital	-	Ecuadra, cocina y sala del Hospital
3	221,00	Calle de la Infanta del Hospital	Cocina y despensa del Hospital	Cocina del Hospital y cuarto de medicinas
4	404,80	Cuadra de nubes, lavo- terio, administración del Doctor oficial, taller de encuadernación y taller de máquinas de la imprenta	Dormitorios de enfer- mos menores de cuatro años. Cuarto de cama- ta. Cuarto de cama- ta.	Salas del Hospital infirmeria. Provisión
5	73,50	Depósito de carbón del Hospital	-	-
6	188,48	Cocinas de cocinas. Gimnasio. Salón de música. Cuartos ancianos	-	-
7	410,70	Horno, dormitorio para venerables y leprosos del Hospital	Materias de ancianos Sala de mesas	-

Documento del mes

Noviembre 2020



ARQUIVO
Deputación
DA CORUÑA

El sistema político liberal intentó aclarar las competencias del intrincado modelo asistencial del antiguo Régimen. Pretendía consolidar la evolución desde la acción social caritativa de la Iglesia hacia una beneficencia secular, reafirmando el poder de las autoridades públicas. Pero en las leyes de beneficencia de 1822 y de 1849, el papel protagonista de la beneficencia pública pasa de los municipios a las provincias y esta alternancia causará curiosos efectos en nuestra ciudad.

La nueva ley aprobada en 1849 adjudicaba a las diputaciones provinciales el mantenimiento de las casas de maternidad y expósitos, junto con los asilos para huérfanos y desamparados. La Junta Provincial de Beneficencia planificaría la gestión del hospicio o casa de misericordia con su casa de expósitos correspondiente en cada provincia. Así es como la Inclusa del Hospital de la Caridad de A Coruña, como todas las casas de expósitos, acabó en manos de la gestión provincial.

En este contexto, la Diputación de A Coruña inicia una compleja fusión de edificios conocida como el Hospicio Provincial o Casa de la Misericordia, en una zona entre las dos murallas, en Zalaeta, cerca del Convento de las Capuchinas. Comienza entonces una forzada convivencia municipal y provincial que duraría algo más de cien años. Cerca de 12 000 m² de inmuebles que provocarían un siglo de pleitos y negociaciones sobre su titularidad entre municipio y provincia. Al poco tiempo, la historia se repetiría en el Palacio Provincial de Riego de Agua (ver [documento do mes octubre](#)).

El Hospital dieciochesco, imponente pero inacabado, ofrecía a mediados del siglo siguiente una situación crítica, faltaban los fondos y sobraban los espacios. En el primer edificio del complejo, que fue el Hospital de la Caridad municipal, fundado por Teresa Herrera en 1791, encontramos alojada la Casa de Expósitos, concretamente en los departamentos masculinos. Comunicándolo con la abandonada Fábrica de mantelerías de Monte Alto, se le irían adosando dependencias como los departamentos femeninos, en una compleja y confusa proliferación de locales asistenciales que nunca alcanzaría a tener una gran fachada definida.

Entre 1853 y 1854, en tiempos del cólera, Juana de Vega presidió la Asociación de señoras de la Beneficencia, que visitaban y asistían a enfermos y expósitos. Siete Hijas de la Caridad de San Vicente de Paúl se establecieron allí, gracias a su intervención. (ver [novas](#))

Las decisiones de la Diputación tratarán de paliar la crisis sanitaria con mejoras como una nueva enfermería, la traída de agua potable o la instalación de una cocina económica (ver Actas [29.11.53](#), [22.09.54](#), [16.12.54](#)).

En 1863 la Diputación Provincial decide aprobar la construcción de una carretera que enlazaría la Torre de Hércules con la zona del Orzán, donde cuarteles y fábricas completan el entorno de la Casa Provincial de Misericordia (Acta [06.03.63](#)).

El complejo seguía creciendo y colonizando el inconcluso proyecto del Hospital. En 1864, Juana de Vega funda la Escuela de párvulos del Hospicio o Escuela gratuita Espoz y Mina. También costeó el Establecimiento Tipográfico de la Casa de Misericordia, origen de la Imprenta Provincial, donde poder publicar desde el Boletín Oficial de la Provincia hasta la obra de Emilia Pardo Bazán. En 1870, adquiere la mitad de la antigua fábrica que ya ocupaba el Hospicio y un almacén anexo, para cederlos a la provincia. En 1876, la Diputación aprueba la adquisición de la otra mitad del edificio de la fábrica (ver Actas [13.04.70](#), [28.04.76](#)).

En 1888, el arquitecto provincial Faustino Domínguez y Coumes-Gay describe al detalle, en un plano numerado y en una tabla de equivalencias, el complejo establecimiento asistencial que tras cuarenta años de sucesivas edificaciones constituiría la Casa de Misericordia, el de mayores dimensiones de Galicia.

Se accedía por el antiguo Hospital de la Caridad, en la esquina de la calle del mismo nombre con la de Zalaeta. A la izquierda y a la derecha del portal de entrada se situaban las oficinas del Hospicio y del Hospital, sobre ellas las habitaciones de los capellanes, del cirujano, los dormitorios de ancianos y salas del Hospital. Sigue, hacia la calle Zalaeta, el edificio que alberga la escuela de niños, la imprenta y oficinas del BOP, encima los dormitorios de menores y salas de enfermos provinciales. En el patio de entrada a la derecha encontramos los talleres del Hospicio y sobre ellos las cocinas. A la izquierda, el depósito de cadáveres del Hospital. A continuación, en torno al patio de varones, se sitúan la academia de música, el gimnasio, el comedor de varones y los dormitorios de ancianos. Enfrente, el horno, la panadería y el lavadero. Encima, dormitorios de ancianos y de niños. Al fondo, a la derecha, el cuarto de castigo. El complejo se extendió sobre los edificios de una antigua fábrica, tras la calle del Recodo del Hospital, donde se escondía el torno de la inclusa, desde el patio del aljibe con un ropero, capilla, sacristía y talleres hacia el patio de párvulos, con la escuela y el comedor, los dormitorios de las nodrizas y de las Hermanas de la Caridad, terminando en el patio de mujeres, con el comedor, la sala de labor, dormitorios y el patio de niñas, con su comedor, laboratorio y dormitorios. (ver [plano](#) y [datos](#)).

En aquel entonces, quinientos hospicianos estaban hacinados en unas instalaciones reducidas, deficientes, insalubres e incluso ruinosas, con falta de lugares de esparcimiento, muy lejos de los 40 m² por acogido establecidos por los modelos franceses. Pero cualquier capacidad de reforma chocaba con el creciente conflicto de no hallarse bien deslindados y aclarados los derechos de propiedad (ver doc. [oct. 1889](#), [nov. 1889](#), [1895](#)).

Esta combinación de graves problemas inclinaría a la Comisión Provincial, reunida en sesión del 22 de octubre de 1889, a solicitar al arquitecto provincial un estudio para un nuevo establecimiento. En la memoria, Faustino Domínguez explica que, aparte del Convento de San Francisco y terrenos anejos, no existe otro que por razón de su extensión yemplazamiento pudiera utilizarse, haciendo las reformas necesarias. Pero el traslado del hospicio al antiguo presidio no se aconseja porque su superficie solo daría 19m² para cada uno de los 500 acogidos, menos aún que en el actual hospicio en donde disfrutaban de 24 m² por plaza. Por consiguiente no quedaría otro recurso que acometer por fin una reforma radical, construyendo un edificio de nueva planta, para ello se necesitaban 25 000 m².

Un proyecto que tardaría en hacerse realidad, en el transito del siglo diecinueve al veinte, al tiempo que se producía la transición de la beneficencia pública al Estado del bienestar. El paso de la cultura de protección del liberalismo decimonónico a la de previsión social.

En 1931, el arquitecto provincial Eduardo Rodríguez-Losada diseña un edificio propio para la Inclusa. La Casa Cuna La Granja se inaugura en 1935, y en 1955 se amplía y rebautiza como Hogar Infantil Emilio Romay. Del mismo Rodríguez-Losada es el proyecto del Hogar Calvo Sotelo de 1945. Un colegio-hogar para los niños del viejo Hospicio, en 1956 terminan las obras. Las niñas de la Casa de Misericordia se alojarán en el Hogar de la Milagrosa. El proyecto definitivo de 1958 lleva la firma de Jacobo Rodríguez-Losada Trulock. Entre tanto, en 1953, Ayuntamiento y Diputación resuelven con un convenio las indefiniciones de titularidades de la Casa de Misericordia y se irán derribando todos los edificios.

BIBLIOGRAFÍA:

- ANGUITA OSUNA, José Enrique. "Análisis histórico-jurídico de la beneficencia española de mediados del siglo XIX: la Ley de Beneficencia de 1849 y su Reglamento de ejecución de 1852". *Aportes* 99 (2019).
- AGUILAR HENDRICKSON, Manuel. "La huella de la Beneficencia en los servicios sociales". *Zerbitzuan* 48 (2010)
- MARTÍNEZ SOTO, Ángel Pascual. "La protección social en la época liberal: de la beneficencia a la previsión social (1820-1908)". *Áreas. Revista Internacional de Ciencias Sociales* 33 (2018).
- SÁNCHEZ GARCÍA, Jesús Ángel. *Catálogo del patrimonio arquitectónico de la Diputación de A Coruña. Edificios de valor histórico*. A Coruña. Deputación, 2020.
- SÁNCHEZ GARCÍA, Jesús Ángel. *Faustino Domínguez y la arquitectura gallega del siglo XIX*. A Coruña. Deputación, 1997.

CAMPO DE MARTE

CHOCQUIS

UNHA CITA:

de todos los edificios que comprende la casa de Misericordia

"Abriendo escuelas e pecháranse cárceres"

Concepción Arenal



Nota: En el presente mapa se contienen, en sucesos lugares de refugio y dormitorio permanente de los hermanos Hospitalarios, permanentes de los enfermos de los hospitales y de las casas de reposo, y se indica el punto de nacimiento y muerte de los hermanos.

El punto de nacimiento permanente es el punto correspondiente al Hospital Hospitalario y el punto de muerte y de nacimiento son los puntos de los hermanos que se han fallecido o nacido en el mismo.

Fundado en el año 1889

El Hospital para

Buenos Hermanos de la Cruz Roja

Datos
relativos á los edificios que comprende
la casa de Misericordia

A CASA PROVINCIAL DE MISERICORDIA

Destino actual de los edificios

Número de orden referido al croquis	Mercado número acuerdo	Fiso bajo	Fiso primero	Fiso segundo
1	55836	Oscinas del Hospi- cio y del Hospital a través a derecha e izquierda del portal de entrada respectiva- mente y dormitorios	Habitaciones del ca- pellán del Hospital del capellán y cajón de del Hospital y dormi- tores de ancianos	Salas del Hospi- tal
2	71851	Ecuadorean del Hospi- tal y cocina del Hospi- tal	-	Ecuadorean del Hospi- tal y sala del Hospi- tal
3	22100	Calle de la junta del Hospital	Cocina y despensa del Hospital	Cocina del Hospital y cuarto de medicinas
4	40480	Cuadra de reses, lavo- terio, administración del Doctor oficial, taller de encuadernación y taller de maquinaria de la imprenta	Dormitorios de ancien- tos menores de veinte años. Cuartel de compa- ñía. Salón	Taller del Hospital enfermería. Provisión
5	7356	Dormitorios de enferme- ros del Hospital	-	-
6	18848	Cocinas de cocinas, Gimnasio. Escuela de música y dormitorios de ancianos	-	-
7	41070	Horno, dormito- rios y lavaderos del Hospital	Dormitorios de ancianos Sala de mesas	Dormitorios de ancianos

Documento do mes

Novembro 2020



ARQUIVO
Deputación
DA CORUÑA

O sistema político liberal tentou aclarar as competencias do intrincado modelo asistencial do antigo Réxime. Pretendía consolidar a evolución desde a acción social caritativa da Igrexa cara a unha beneficencia secular, reafirmando o poder das autoridades públicas. Pero nas leis de beneficencia de 1822 e de 1849, o papel protagonista da beneficencia pública pasa dos municipios ás provincias, e esta alternancia causará curiosos efectos na nosa cidade.

A nova lei aprobada no ano 1849 adxudicaba ás deputacións provinciais o mantemento das casas de maternidade e expósitos, xunto cos asilos para orfos e desamparados. A Xunta Provincial de Beneficencia planificaria a xestión do hospicio ou casa de misericordia coa súa casa de expósitos correspondente en cada provincia. Así é como a Inclusa do Hospital da Caridade da Coruña, como todas as casas de expósitos, acabou nas mans da xestión provincial.

Neste contexto, a Deputación da Coruña inicia unha complexa fusión de edificios coñecida como o Hospicio Provincial ou Casa da Misericordia, nunha zona entre as dúas murallas, en Zalaeta, preto do Convento das Capuchinas. Comeza entón unha forzada convivencia municipal e provincial que duraría algo máis de cen anos. Preto de 12 000 m² de inmobles que provocarían un século de preitos e negociacións sobre a súa titularidade entre municipio e provincia. Ao pouco tempo, a historia repetiríase no Palacio Provincial de Rego de Auga (ver [documento do mes outubro](#)).

O Hospital dezaoitesco, imponente pero inacabado, ofrecía a mediados do século seguinte unha situación crítica, faltaban os fondos e sobraban os espazos. No primeiro edificio do complexo, que foi o Hospital da Caridade municipal, fundado por Teresa Herrera en 1791, atopamos aloxada a Casa de Expósitos, concretamente nos departamentos masculinos. Comunicándoo coa abandonada Fábrica de mantelerías de Monte Alto, iríanselle encostando dependencias como os departamentos femininos, nunha complexa e confusa proliferación de locais asistenciais que nunca alcanzárá a ter unha gran fachada definida.

Entre 1853 e 1854, en tempos do cólera, Juana de Vega presidiu a Asociación de señoras da Beneficencia, que visitaban e asistían a enfermos e expósitos. Sete Fillas da Caridade de San Vicente de Paúl estableceronse alí grazas a súa intervención. (ver [novas](#))

As decisións da Deputación tratarán de paliar a crise sanitaria con melloras como unha nova enfermería, a traída de auga potable ou a instalación dunha cociña económica (ver Actas [29.11.53](#), [22.09.54](#), [16.12.54](#)).

No ano 1863 a Deputación Provincial decide aprobar a construcción dunha estrada que enlazaría a Torre de Hércules coa zona do Orzán, onde cuarteis e fábricas completan a contorna da Casa Provincial de Misericordia (ver Acta [06.03.63](#)).

O complexo seguía crecendo e colonizando o inconcluso proxecto do Hospital. En 1864, Juana de Vega funda a Escola de párvulos do Hospicio ou Escola gratuita Espoz e Mina. Tamén custeou o Establecemento Tipográfico da Casa de Misericordia, orixe da Imprenta Provincial, onde poder publicar desde o Boletín Oficial da Provincia ata a obra de Emilia Pardo Bazán. No ano 1870, adquire a metade da antiga fábrica que xa ocupaba o Hospicio e un almacén anexo, para cedelos á provincia. No ano 1876, a Deputación aproba a adquisición da outra metade do edificio da fábrica (ver Actas [13.04.70](#), [28.04.76](#)).

No ano 1888, o arquitecto provincial Faustino Domínguez e Coumes-Gay describe ao detalle, nun plano numerado e nunha táboa de equivalencias, o complexo establecemento asistencial que tras corenta anos de sucesivas edificacións constituía a Casa de Misericordia, o de maiores dimensións de Galicia.

Accedíase polo antigo Hospital da Caridade, na esquina da rúa do mesmo nome coa de Zalaeta. Á esquerda e á dereita do portal de entrada situábanse as oficinas do Hospicio e do Hospital, sobre elas as habitacións dos capeláns, do cirurxián, os dormitorios de ancianos e salas do Hospital. Segue, cara á rúa Zalaeta, o edificio que alberga a escola de nenos, a imprenta e oficinas do BOP, enriba os dormitorios de menores e salas de enfermos provinciais. No patio de entrada á dereita atopámos os talleres do Hospicio e sobre eles as cociñas. Á esquerda, o depósito de cadáveres do Hospital. A continuación, en torno ao patio de homes, sitúanse a academia de música, o ximnasio, o comedor de homes e os dormitorios de ancianos. En fronte, o forno, a panadería e o lavadoiro. Encima, dormitorios de ancianos e de nenos. Ao fondo, á dereita, o cuarto de castigo. O complexo estendeuse sobre os edificios dunha antiga fábrica, tras a rúa do Recodo do Hospital, onde se escondía o torno da inclusa, desde o patio do alxibe, cun roupeiro, capela, sancristía e talleres, cara ao patio de párvulos, coa escola e o comedor, os dormitorios das amas de cría e das Irmás da Caridade, terminando no patio de mulleres, co comedor, a sala de labor, dormitorios e o patio de nenas, co seu comedor, laboratorio e dormitorios. (ver [plano](#) e [datos](#)).

Naquel entón, cincocentos hospicianos padecían un insalubre amontoamento nunhas instalacións reducidas, deficientes e mesmo ruinosas, con falta de lugares de espaxeamento, moi lonxe dos 40 m² por acollido establecidos polos modelos franceses. Pero calquera capacidade de reforma chocaba co crecente conflito de non acharse ben deslindados e aclarados os dereitos de propiedade (ver doc. [oct.1889](#), [nov.1889](#), [1895](#)).

Esta combinación de graves problemas inclinaría á Comisión Provincial, reunida en sesión do 22 de outubro de 1889, a solicitar ao arquitecto provincial un estudio para un novo establecemento. Na memoria, Faustino Domínguez explica que, á parte do Convento de San Francisco e terreos anexos, non existe outro que por razón da súa extensión e emprazamento puidese utilizar, facendo as reformas necesarias. Pero o traslado do hospicio ao antigo presidio non se aconsella porque a súa superficie só daría 19 m² para cada un dos 500 acollidos, menos ainda que no actual hospicio onde gozaban de 24 m² por praza. Por conseguinte non quedaría outro recurso que acometer por fin unha reforma radical construíndo un edificio de nova planta, para iso necesitabanse 25 000 m².

Un proxecto que tardaría en facerse realidad, no transito do século dezanove ao vinte, á vez que se producía a transición da beneficencia pública ao Estado do benestar. O paso da cultura de protección do liberalismo decimonónico á de previsión social.

No ano 1931, o arquitecto provincial Eduardo Rodríguez-Losada deseña un edificio propio para a Inclusa. "A Casa Cuna La Granja" inaugúrase no ano 1935 e no 1955 amplíase e rebautiza como Hogar Infantil Emilio Romay. Do mesmo Rodríguez-Losada é o proxecto do Hogar Calvo Sotelo de 1945. Un colexió-fogar para os nenos do vello Hospicio, no ano 1956 rematan as obras. As nenas da Casa de Misericordia aloxaranse no "Hogar de la Milagrosa". O proxecto definitivo de 1958 leva a firma de Jacobo Rodríguez-Losada Trulock. Entre tanto, no ano 1953, Concello e Deputación resolvén cun convenio as indefinicións de titularidades da Casa de Misericordia e iranse derrubando todos os edificios.

BIBLIOGRAFÍA:

- ANGUITA OSUNA, José Enrique. "Análisis histórico-jurídico de la beneficencia española de mediados del siglo XIX: la Ley de Beneficencia de 1849 y su Reglamento de ejecución de 1852". *Aportes* 99 (2019).
- AGUILAR HENDRICKSON, Manuel. "La huella de la Beneficencia en los servicios sociales". *Zerbitzuan* 48 (2010)
- MARTÍNEZ SOTO, Ángel Pascual. "La protección social en la época liberal: de la beneficencia a la previsión social (1820-1908)". *Areas. Revista Internacional de Ciencias Sociales* 33 (2018).
- SÁNCHEZ GARCÍA, Jesús Ángel. *Catálogo del patrimonio arquitectónico de la Diputación de A Coruña. Edificios de valor histórico*. A Coruña: Deputación, 2020.
- SÁNCHEZ GARCÍA, Jesús Ángel. *Faustino Domínguez y la arquitectura gallega del siglo XIX*. A Coruña: Deputación, 1997.